



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Número 130 /2022

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A.L.A.S. CORUÑA (ASOCIACION POLA LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL DE A CORUÑA) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES POR PARTE DA DEPUTACIÓN NO MARCO DOS XXXII ENCONTROS ESTATAIS LGTBI 2022, MEDIANTE A CONTRATACIÓN DE DÚAS ACTUACIÓNS PARA CELEBRAR O DÍA DA CULTURA EN IGUALDADE.

A Coruña, a 22 de decembro de 2022

Ante min, **D. Miguel Iglesias Martínez** Secretario Accidental da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante.

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Xosé Xurxo Couto Rodríguez**, en representación da Deputación Provincial da Coruña,

e doutra parte, **D. Diego Brandariz Astray** por delegación da Presidenta de A.L.A.S. CORUÑA (Asociación pola liberdade afectiva e sexual da Coruña) , Ana García Fernández, do 21 de decembro de 2021.

Ambas as partes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste CONVENIO e, a tal efecto,

EXPOÑEN

1. A Deputación da Coruña, dentro da súa esfera de competencias, coincide no traballo de sensibilizar sobre a importancia da tolerancia e a igualdade das persoas, independentemente da súa orientación sexual e identidade de xénero, firmando este CONVENIO DE COOPERACIÓN para realizar actuacións de promoción do traballo de cultura en igualdade coincidindo coa celebración dos XXXII encontros estatais LGTBI.

Estes encontros estatais están organizados por A.L.A.S. CORUÑA (ASOCIACION POLA LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL DE A CORUÑA) neste ano 2022 e vanse desenvolver na cidade herculina nos días 21, 22 e 23 de outubro.

2. A Área de Igualdade da Deputación da Coruña quere participar dun evento destas características de xeito singularizado cos seguintes obxectivos:

- Poñer en valor o traballo da Deputación da Coruña nun cambio de valores para o fomento dunha sociedade igualitaria, inclusiva e diversa.
- Visualizar o investimento que fai a Deputación da Coruña no mantemento de programas de promoción da igualdade de oportunidade e de loita contra a violencia machista.

- Difundir os diversos premios e actividades que realizamos durante o anos desde Igualdade da Deputación así como todas aquelas accións doutras áreas da Deputación que apliquen a transversalización de xénero.
- Poñer en valor o traballo de colaboración e coordinación entre a institución e o tecido social da provincia.
- Fomentar o desenvolvemento dunha cultura en igualdade ca realización de actividades culturais que poñan en valor a igualdade e a tolerancia.

Todos estes obxectivos son de interese para o conxunto da sociedade e os encontros estatais son unha oportunidade de achegar a público de todo o estado o traballo que se está a desenvolver desde a nosa institución e tamén desde os concellos e entidades da provincia, con quen colaboramos activamente en campañas conxuntas para mellor a capacidade de impacto e resposta (ex. Campaña do 25 de novembro ou a do 28 de xuño)

3. A celebración destes encontros estatais 2022 na cidade da Coruña é un evento singular e excepcional que nos vai permitir achegarnos a colectivos doutras partes do estado, a persoas que ocupan postos de responsabilidade en centros universitarios, centros de saúde, persoal dos corpos e forzas de seguridade, responsábeis de departamentos de recursos humanos de empresas e administracións etc e que traballan implementando políticas de igualdade no seu día a día . O impacto que terá a presenza da Deputación é importante xa non só de xeito directo nas aproximadamente 200 persoas que se poden inscribir, senón tamén na repercusión mediática e nas redes sociais.

4. Polo anteriormente exposto, propónse realizar dúas actuacións dentro da celebración destes encontros que permitan poñer en valor o noso apoio a todos aqueles proxectos que traballan por unha cultura diversa, con perspectiva de xénero, que fomenten as boas prácticas de igualdade. Estas actividades están en coherencia co traballo que desenvolvemos durante o ano tanto no apoio a proxectos desde a liña de subvencións, como aos diversos concursos e premios, congresos e ao círculo de cultura en igualdade que achegamos aos concellos.

Por todo isto, acordan subscribir este CONVENIO DE COOPERACIÓN, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente CONVENIO consiste en regular a COOPERACIÓN, entre a Deputación da Coruña e a A.L.A.S. CORUÑA (ASOCIACIÓN POLA LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL DE A CORUÑA) para a realización de actividades pola DEPUTACIÓN DA CORUÑA para celebrar a Cultura en Igualdade coincidindo cos XXXII Encontros Estatais LGTBI 2022.

SEGUNDA.- Para remarcar o protagonismo da Deputación da Coruña, e cumprir o obxecto do presente convenio, decidiuse denominar de xeito non oficial “Día da Cultura en Igualdade” á xornada na que a Deputación organizará:

- Unha actuación do monologuista ALBERTE BELLO, que tamén exercerá como presentador do acto inaugural e tratará temáticas como a igualdade, a diversidade, a memoria do colectivo LGTBI e a loita contra a violencia machista, entre outras.
- Unha actuación do grupo de música DE NINGHURES, no que tamén se resaltarán as temáticas de igualdade, diversidade, memoria do colectivo LGTBI e a loita contra a violencia machista, entre outras.

A contratación das actuacións será realizada directamente pola Deputación da Coruña non existindo achega económica directa por parte do ente provincial á A.L.A.S. CORUÑA (ASOCIACIÓN POLA LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL DE A CORUÑA).

As actividades realizadas pola Deputación terán carácter gratuíto para o público asistente.

TERCEIRA.- A persoa representante da Deputación estará convidada a participar na rolda de prensa previa á celebración dos encontros e tamén participará ou ben na inauguración ou no peche dos XXXII Encontros Estatais LGTBI.

CUARTA.- A.L.A.S. CORUÑA (ASOCIACIÓN POLA LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL DE A CORUÑA) facilitará de maneira gratuíta o espazo para o desenvolvemento das dúas actividades e tamén un espazo para colocar material de difusión do traballo provincial, un espazo para a colocación dun plotter co logo de Igualdade da Deputación da Coruña e utilizará os logos da Deputación no material de difusión que faga do congreso.

QUINTA.- O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura, e finalizará o 15 de novembro de 2022.

SEXTA.- O incumprimento de calquera das obrigas contraídas por este CONVENIO por unha das partes, facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa realizado.

SÉTIMA.- Os acordos que se reflicten neste CONVENIO terán sempre carácter administrativo e non se derivan deles, en ningún caso, dereitos e obrigas de carácter laboral.

OITAVA.- A.L.A.S. CORUÑA (ASOCIACIÓN POLA LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL DE A CORUÑA), aos efectos de xustificar a cooperación entre as partes, enviará unha memoria con material gráfico na que inclúa a realización das actuacións referidas e referencia á presenza da Deputación Provincial durante a celebración do Congreso.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia número 43472 de data 21 de outubro de 2022.

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O REPRESENTANTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA**

**EN REPRESENTACIÓN DE A.L.A.S. CORUÑA
(ASOCIACION POLA LIBERDADE AFECTIVA E
SEXUAL DA CORUÑA)**

Asdo.: D. Xosé Xurxo Couto Rodríguez,

Asdo.: D. Diego Brandariz Astray

**O SECRETARIO ACCIDENTAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo.: D. Miguel Iglesias Martínez